

NOTAS SOBRE O “SESEO” NA OBRA DE ROSALÍA

ANXO UXÍO ABUÍN GONZÁLEZ e ANTONIO AZAUSTRE GALIANA

Universidade de Santiago

1. Introducción

Sobre os escritores do chamado Rexurdimento e, especialmente, sobre Rosalía de Castro, téñense escrito centos de páxinas. E, sen embargo, aínda se pode dicir —e díxose— que Rosalía é unha grande descoñecida. Quizais porque a súa figura foi sumerxida nun mar de rasgos tópicos que, por seren “de sobra coñecidos”, non se abordaron con rigor e exhaustividade científicos.

Desde xeito, é un lugar común afirmar que Rosalía e os seus compañeiros xeracionais, navegan á hora de escribir no mar de dúbidas que supón carecer dunha tradición escrita na súa lingua: desa lingua “notavelmente estilizada” da que Tavani falaba ó referirse á coíné provenzal ou galego-portuguesa da Idade Media. Todo isto suporá unha serie de retos a tódolos niveis da linguaxe: gráfico, léxico, gramatical.

Neste traballo o léxico —e de rebote, a grafía— serán os puntos a tratar. A crítica sinalou que Rosalía e os seus contemporáneos misturaban nos seus escritos rasgos dialectais de diversas procedencias. Aquí trataremos dun deles: o seseo (1). Unha lectura da obra poética galega de Rosalía déixanos ver que na distribución do fonema /θ/, as formas con realización interdental (grafíada *c* ou *z*) alternan coas de realización alveolar (2) (con grafía *s*).

O noso obxectivo será pois reflexa-la distribución das grafías seseantes e non seseantes en *Cantares gallegos* e *Follas Novas* (3).

Os pasos que seguiremos nesta tarefa serán os seguintes:

- Elaboración dun corpus de palabras nas que aparezan os dous tipos de grafías: casos de aparición da grafía *z* (= *c* + *e*, *i*) → /θ/ e da grafía *s* → /θ/ nas dúas obras.
- Inventario das coincidencias dunha mesma palabra coas dúas grafías na mesma obra.

(1) Traballamos, por razóns obvias, coas grafías reflexadas na obra rosaliana.

(2) Non profundizamos, sen embargo, no tipo de seseo pois traballamos como xa se dixo, con grafías. Sería interesante xebra-lo seseo *implosivo* do *plosivo*, e tamén fixarse en se as palabras que aparecen máis frecuentemente con seseo pertencen prioritariamente á lingua coloquial ou afectiva da autora, fronte ó carácter máis culto das sen seseo. Deixamos este punto para unha futura ampliación deste traballo.

(3) Castro, Rosalía de, *Poesías*, Patronato Rosalía de Castro, Vigo, 1973 (2ª edición).

- Inventario das coincidencias dunha mesma palabra coas dúas grafías no mesmo poema.

Estas operacións permitirán sacar unhas conclusións dobres referidas a cada obra en particular e á comparación de ambas.

Con todo, o noso obxectivo principal non é tanto a obtención dunha opinión definitiva sobre “o seseo” en Rosalía, como facer un inventario e clasificacións completas que dean unha base operativa para un sólido coñecemento posterior apoiado nuns datos fiables e non sobre impresións tópicas non rigorosamente comprobadas.

Os Glosarios completos exporanse nun apéndice que posibilite en todo momento a consulta e que non fai complexa en exceso a parte puramente expositiva.

2. Táboa de datos de *Cantares Gallegos*

Elaborada a partires dos Glosarios Totais e de coincidencias (V. Apéndice).

2.1. Palabras con z

| | | | | | | |
|-------|------|-------|-------|-------|-------|-------|
| A: 15 | B: 6 | C: 62 | Ch: 2 | D: 33 | E: 33 | F: 12 |
| G: 6 | H: 3 | L: 12 | M: 39 | N: 19 | O: 2 | P: 20 |
| Qu: 0 | S: 5 | R: 27 | T: 9 | U: 1 | V: 10 | X: 2 |
| Z: 4 | I: 3 | | | | | |

2.2. Palabras con s

| | | | | | | |
|------|------|--------|-------|-------|-------|------|
| A: 9 | B: 1 | C: 26 | Ch: 4 | D: 15 | E: 13 | F: 3 |
| G: 8 | H: 1 | I: 0 | L: 3 | Ll: 1 | M: 3 | N: 5 |
| O: 0 | P: 9 | Qu: 10 | R: 8 | S: 16 | T: 0 | U: 0 |
| V: 0 | Z: 0 | | | | | |

2.3. Total de palabras

449

4.3.1. Total de palabras con z

314 → 69,93% (70%)

4.3.2. Total de palabras con s

135 → 30,06% (30%)

2.4. Coincidencia en Cantares Gallegos

2.4.1. Hai 34 campos (V. apéndice) agrupando 213 palabras coincidentes:

74 palabras con s → 34,74% (35%) } respecto a
139 palabras con z → 65,25% (65%) } 213 coincidentes

2.4.2. Tanto por cento das coincidencias con respecto ó total de palabras con s e z respectivamente:

74 coincidentes con s → 54,48% (54,5%), con relación ás 135 formas en s.

139 coincidentes con z → 44,26% (44%), con relación ás 314 formas en z.

Interpretación

O libro presenta un 40% máis de palabras en z que en s, e un 30% máis tamén con z nas coincidentes.

Pero, ó estudiármolas porcentaxes que as formas coincidentes con s supoñen en relación ó total de formas con s na obra (e o mesmo coas de z), as xerarquías cambian: das 135 palabras con s na obra, 74 (54,5%) teñen correlato en z. Das 314 con z, 139 (44%) teñen en s. Hai un 10% de diferencias, pero agora a favor das grafías en s. Isto indica que as palabras con s utilízanse maioritariamente cun correlato en z e minoritariamente en ocorrencias ailladas. Como consecuencia temos que as grafías en s son fundamentalmente unha "variatio" apoiada nunha base máis ampla con grafía z.

3. Regularidade/irregularidade na distribución das grafías

Baseándonos nos datos do corpus de coincidencias, cremos que estes feitos reflexan que non parece haber unha regra fixa que xustifique a distribución deste rasgo, pois non é que nunhas formas aparezan con s e outras con z, senón que unha mesma palabra poida ser reflexada coas dúas opcións, aínda máis cando destes 34 campos coincidentes, en 24 a parella coincidente implica exactamente o mesmo vocábulo, sen variación morfolóxica ou fónica que puidera xustifica-la alternativa.

A pesar disto, estudiaremos tres aspectos nos que parece haber certa tendencia á regularidade no reparto das grafías:

- a) as alternativas entre singulares e plurais
- b) os diminutivos
- c) os participios e formas conxugadas verbais

a. — Singular/plural

De 50 nomes en plural que aparecen na obra témo-la seguinte distribución (4):

— 36 con grafía *z*: azucenas, brazos, berzas, berciñas, cegas, calabazas, ceos, /cabezas/, *dulces*, dulciños, despezos, duciñas, estonces, *esperanzas*, guarniciós, /gracias/, graciosas, goces, insinanzas, *mozos*, mozas, *mociños*, *mociñas*, *morcillas*, malicentas, *mañanciñas*, noces, nabizas, /rapazas/, *rapaciñas*, rapaciños, trenzas, *tristezas*, *veciños*, zonchos, zocos. (72%).

— 14 con grafía *s*: aderesos, asucenas, /corasonciños/, chousiñas, *chousas*, dosuras, *despresos*, *espasos*, pesoñosas, siudades, sobrisas, sintas. (28%).

Un 72% sobre un 28% dá unha certa preferencia polos plurais con grafía *z*. Quizais opere unha certa tendencia á disimilación para evita-la confluencia de varios sonidos *s* no mesmo vocábulo. Con todo, non é unha regra fixa pois aínda son bastantes os casos de *s* con plural, mesmo con acumulacións notables como en *sombrisas*. Quede pois como unha tendencia hipoteticamente apuntada.

b. — Diminutivos

Dos 21 diminutivos que temos no texto obtémo-la seguinte distribución (5):

— 18 con grafía *z*: *berciñas*, /corazonciño/, canciño, *dulciños*, duciñas, /graciña/, irmanciño, /luciña/, *mociños*, mañanciña, *mociñas*, *mociño*, mañanciñas, naiciña, /rapaciñas/, rapaciños, /rapaciña/. (85,7%).

— 3 con grafía *s*: /corasonciños/, /corasonciño/, *chousiñas*. (14,3%).

Loxicamente, recollemos só os casos en que o sufixo presenta alternativa posible: *ciño/siño*. Dos tres casos con grafía *z*, en dous (corasonciños, corazonciño) podemos falar dunha grafía *s* parcial e que non afecta ó diminutivo propiamente dito, polo

(4) As palabras suliñadas teñen equivalente en singular con *z* (ex. *dulces*-dulce). As reflexadas entre barras téñeno con *z* e *s* (ex. rapazas-rapaza e rapasa).

No primeiro dos supostos pódese pensar que non é tanto a disimilación a que provoca o uso da grafía *z* coma a influencia do singular. Isto redundaría no feito da irregularidade na distribución, que defendiamos como suposto fundamental.

(5) As palabras suliñadas teñen unha forma primitiva en *z* (ex. rapaciños-rapaz). As reflexadas entre barras téñenas con *z* e *s* (ex. corazonciño-corazón e corasón). No primeiro dos casos, en paralelo co visto na nota (4), poderíase pensar que é influxo do primitivo e non á presión gramatical, o que provoca o uso da grafía *z*.

que case sería máis lóxico incluílos no outro apartado. O caso de *chousiñas* ofrece unha grafía en *s* xeral a toda a palabra, quizais por algunha distribución léxica dialectal.

c. – Paradigma verbal

c.1. – Participios *z/s* na desinencia

De 14 contextos témo-los seguintes datos:

– 11 formas con grafía *z*: aborrecido, conocida, calzada, esquencida, escandecida, humedecida, mañecida, nacida, nacidos, nacido. (78,5%)

– 3 formas con grafía *s*: concesuda, enrisadas, enrisada. (21,5%).

Predominio das formas con *z* aínda máis acusado cando vemos que enrisada/*s* sempre aparece con *s* no seu campo, quizais por dialectalismo.

c.2. – Formas conxugadas

– nos verbos encabezados nos seus respectivos campos polas formas: *desir/decir*, *faser/facer*, *nasen/nacen*, *resolle/recen*, vese unha tendencia a conxuga-lo paradigma (coas formas en *z*).

– En parecian/paresian o equilibrio é case total: (4 con *s* / 3 con *z*)

– Só en relosen/reluente hai unha lixeira tendencia ás formas en *s* (3 sobre 1)

Por tanto, Rosalía parece tender a conxuga-los paradigmas con grafía *z*. Na primeira das tendencias á regularidade na distribución –os plurais– apuntabamola hipótese dun desexo de evitar confluencias dun mesmo sonido. Nestos dous últimos casos –os diminutivos e o paradigma verbal– quizais sexa o peso da gramática nestes procedementos morfolóxicos o que faga elixir a forma non dialectal. Con todo, insistimos en que o fundamental é que as coincidencias no mesmo vocábulo apuntan cara a ausencia de regulamentos fixos na distribución.

E para corroborar isto, introducimos unha lista dos casos en que a mesma palabra aparece con ámbalas grafías, xa non no libro, senón no mesmo poema:

“c”: comenso (1, 26) / comenzo (1, 25); corasón (29, 128) / corazón (29, 129); cabeza (20, 86) / cabeceira (20, 86)

“d”: dose (1, 24) / dulce (1, 25); *desir* (6, 44) / *dicindo* (6, 44); *desía* (25, 111) / *decía* (25, 108)

“l”: *lose* (33, 1407) / *luce* (33, 146)

“p”: *parese* (30, 130) / *parece* (30, 131)

“s”: *seo* (28, 122) / *ceo* (28, 124)

Ante esta distinción irregular caben dúas opcións:

– Rosalía tiña o seseo no seu sistema fónico e “escápansele” gráficamente algúns casos esporádicos.

– Rosalía espalla algúns casos conscientemente como unha nota de “variatio” estilística e, para salientalo, márcalo gráficamente.

Cremos que esta última é a opción máis preto da realidade. Lendo os rasgos da literatura do Rexurdimento, atopamos na *Gran Enciclopedia Galega* as seguintes palabras:

“(Rosalía) no escoge formas únicas después de seleccionarl as entre las procedentes de áreas lingüísticas distintas sino que todas ellas conviven en sus obras. Por el contrario, en Curros o en Pondal, muy preocupados por la corrección del gallego que escriben, las variaciones e infidelidades a su propia habla (el gallego de Celanova y Bergantiños, respectivamente) son esporádicas y escasas.” (6).

Segundo este rasgo, Rosalía mistura características dialectais de diversas zonas. Pode ser que isto explique a variedade de formas que ás veces atopamos para un mesmo vocablo, como no caso de *dulce* (castelanismo) ou *ceo*. En *Follas Novas* atoparemos un caso (plurais en -óns/-ós) que reflexa con claridade que unha característica que non pertence á fala do galego de Padrón-Santiago é utilizada pola autora.

Por tanto, Rosalía introduce como nota de estilo rasgos característicos dialectais de diversas procedencias. No caso dun plural como *traiciós* é difícil pensar nun descoído pois é unha forma que non aparece no galego da súa zona. Máis ben semella ser introducido conscientemente.

No caso do “seseo” cremos que se conxugan os dous factores, pois aparece na fala da zona da que é nativa a poetisa. O feito de que sexa un rasgo estilístico pero tamén dialectal da súa zona fai deste punto un caso especial no que é necesario ter aberto o portelo do descoído natural, aínda que cremos máis coherente englobalo nesa amalgama de notas típicas de diferentes zonas do galego que conviven na súa obra, coa particularidade xa sinalada de que este pertencería ó “seu galego”.

Posteriormente completaremos este razonamento con argumentos aportados pola análise de *Follas Novas*.

Sinalar aquí que esta consideración como “variatio” de estilo era xa esbozada cando se interpretaron as porcentaxes e vimos que as grafías en *s* apoiábanse nunha base máis ampla que en *z*.

4. Táboa de datos de *Follas Novas*

Elaborada a partires dos Glosarios Totais e de Coincidencias (V. Apéndice).

4.1. Palabras con z

| | | | | | | | |
|-------|-------|--------|-------|-------|-------|-------|-------|
| A: 24 | B: 6 | C: 166 | Ch: 0 | D: 40 | E: 35 | F: 24 | G: 8 |
| H: 4 | I: 12 | L: 23 | M: 20 | N: 12 | O: 6 | P: 41 | Qu: 5 |
| R: 31 | S: 14 | T: 21 | U: 20 | V: 0 | X: 0 | Z: 0 | |

(6) Alvarez Blanco, Rosario; Fernández Rey, Francisco e Xove Fernández, Xosé, “Galego” na *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 14, Silverio Cañada (ed.), Gijón, 1964, p. 253.

4.2. *Palabras con s*

| | | | | | | | | |
|------|------|------|-------|------|------|-------|------|-------|
| A: 2 | B: ∅ | C: 9 | Ch: ∅ | D: 8 | E: 8 | F: 2 | G: 2 | H: ∅ |
| I: ∅ | L: ∅ | M: ∅ | N: 1 | O: ∅ | P: 5 | Qu: 3 | R: 2 | S: 12 |
| T: ∅ | U: ∅ | V: 2 | X: 1 | Z: ∅ | | | | |

4.3. *Total de palabras*

569

4.3.1. *Total de palabras con z*

512 → 89,98% (90%)

4.3.2. *Total de palabras con s*

57 → 10,01% (10%)

4.4. *Coincidencias en "Follas Novas"*

4.4.1. Hai 21 campos semánticos agrupando 174 palabras coincidentes:

47 palabras con *s* → 27,01% (27%)
 127 palabras con *z* → 72,98% (73%) } respecto as 214 coincidentes

4.4.2. Tanto por cento das coincidencias con respecto ó total de palabras con *s* e *z* respectivamente:

47 coincidentes con *s* → 82,45% (82,5%) das 57 formas en *s*
 127 coincidentes con *z* → 24,80% (24,9%) das 512 formas en *z*

Interpretación

Os datos que ofrece esta táboa corroboran totalmente as teses xa vistas en *Cantares gallegos*. Hai no libro de *Follas Novas* un 80% máis de palabras con *z* que con *s* nos totais e un 46% máis tamén nas coincidentes.

Pero outra vez ocorre que, ó estudia-las porcentaxes que as formas coincidentes con *s* supoñen en relación ó total de formas con *s* na obra (e o mesmo coas de *z*), as ordenacións volven a cambiar pos hai un 57,6% máis pero a favor das de *s*.

Por tanto, mesmo nunha obra na que hai unha maioría moito máis alta de formas con *z*, as palabras con *s* seguen a ser maioría na súa utilización con correlato en *z* e minoría en ocorrencias ailladas. Isto reforza claramente a tese de que as grafías en *s* son unha "variatio" apoiada nunha base máis ampla de *z*.

5. *Regularidade/irregularidade na distribución das grafías*

Como na obra anterior, as coincidencias de vocablos inclinan a pensar na falla dunha regra que sistematice a distribución. Con todo seguiremos estudiando eses tres puntos para os que vimos unha certa tendencia regular no reparto das grafías.

a. – Singular/plural

Dos 49 nomes en plural que aparecen en *Follas Novas* podemos da-la seguinte distribución (7):

– 43 con grafía z: *brazos*, concertadores, cocertos, cocencias, /corazós/, cabezas, *corazóns*, *canciós*, *canciõns*, /ceos/, *cinzas*, ceboleiras, celicios, cerusanos, *cestos*, comenencias, *cintinelas*, cruces, *forzas*, homicidas, humillaciós, intenciós, lembranzas, *lucos*, *mozos*, mudanzas, mozas, mazanceiros, mociñas, ourizos, onciñas, *praceres*, *pracers*, lembranzas, rizos, *rezos*, recordanzas, rapaces, *rapazas*, raíces, xueces, xeneracións.

– 6 con grafía s: algoasiles, cortisos, *espasos*, *feitisos*, rabisos, xasmíns.

Un 87,5% sobre un 12,5% confirma a preferencia polos plurais con grafía z sobre a que xa formuláramos unha hipótese na anterior obra.

b. – Diminutivos

5 diminutivos con contexto ciño/siño e os 5 con grafía z: descalciña, fouciña, mañanciña, mociñas, onciñas.

Ademais de sinala-lo descenso no noso uso deste recurso en relación a *Cantares Gallegos*, que se podería explicar por razóns de diferenza temática entre as dúas obras, o 100% de formas en z confirma a falla dun uso do seseo nos diminutivos como unha nota que puidera dar afectividade polas características articulatorias do fonema /s/.

Tampouco observamos na obra o tóxico da abundante presenza do diminutivo como caracterizador da lingua galega.

c. – Paradigma verbal

c.1. – Participios

Aparecen 11 participios con contexto cido/sido. Destes casos podemos da-la seguinte distinción:

– 8 participios con z: conocido, entapizada, esforzada, escomenzado, esquencida, facido, maldecidas, regazados.

– 3 participios con s: cobisado, esbaesido, enrisados.

Predominio das formas en z (72,7% / 27,3%) e tamén tendo en conta que, coma en *Cantares Gallegos*, enrisados aparece con s sempre.

c.2. – Formas conxugadas

– Nos verbos encabezados nos seus respectivos campos polas formas: come-

(7) Para o método de sinalización e conclusións, ver notas (4) e (5).

sa/comenzar, conoso/conocemos, encomeso/escomenzaba, faser/facendo, gosa/gozar, nase/naciche, pares/pareza, hai unha tendencia a conxuga-lo paradigma con formas en z.

— agonisa/agonizo é o único caso de equilibrio na distribución. Ademais, non hai ningún caso de predominio de *s* na conxugación, polo que se confirma a tendencia xa formulada anteriormente.

Confírmanse estas tres tendencias á regularidade pero que vemos se deben inscribir na tendencia xeral da falla da mesma no reparto de seseo. As coincidencias aportan pois a nota fundamental. E certo que en *Follas Novas* só podemos reforzar este punto con dúas coincidencias dentro do mesmo poema: cobisado/cubiza e seo/ceo. Pero isto pode ter xustificación polo menor número de coincidencias, debido tamén ó pouco número de palabras con *s*.

Seguimos mantendo a tese de que é un rasgo estilístico que Rosalía introduce conscientemente como unha "variatio" sobre unha base en *z*. As porcentaxes volveron a confirmalo. Segue existindo a posibilidade do descoido, debida a que este rasgo coincide cunha tendencia de fala da zona de Rosalía, pero parece un pouco raro que exista en *Cantares Gallegos* e diminúa tanto en *Follas Novas*. Ademais, nesta obra, onde as grafías en *s* son moi poucas, aparece un poema —"Ruínas"— no que se acumulan moitas formas con *s*. É raro que os descoidos se concentren desa forma. Máis ben parece que o tono do poema requeriu ese rasgo ou que foi composto nunha época na que Rosalía tendía a utilizalo.

6. Conclusións finais

1.— As dúas obras presentan un meirande número de formas en *z* tanto nos totais como nas coincidencias.

2.— As porcentaxes reflexan que as formas en *s* son maioritariamente usadas nas dúas obras con correlatos en *z*, o que nota o seu uso sobre unha base máis ampla de formas en *z*, como xa indicaba o punto 1.

3.— Cremos que non hai unha regularidade na distribución das grafías *s* e *z* como proban as coincidencias dun mesmo vocábulo con ambas grafías na mesma obra e ata no mesmo poema.

4.— Ante esta irregularidade na distribución caben dúas opcións:

- Que Rosalía introduza esta variación conscientemente coma unha nota de estilo nos seus poemas.
- Que esta variación sexa debida a un descoido pois o rasgo do seseo forma parte do galego da súa zona.

5.— Aínda que esta última porta queda aberta, é doado pensar como máis lóxica a primeira das opcións, por varios motivos:

- A diminución considerable de grafías en *s* en *Follas Novas* que parece máis normal atribuír a un propósito estilístico que a un descenso nos descoidos.
- O poema “Ruínas” que, incluído nunha obra como *Follas Novas*, onde as grafías *s* son escasas, presenta unha acumulación pouco normal, que non se pode deber a un descoido senón a que coidou oportuno utilizalo por razóns de estilo ou a que foi composto nunha época na que este rasgo era máis usado.
- As coincidencias nun mesmo poema de grafías con *s* e *z* non parecen facilmente adxudicables a descoidos debido ó corto espacio no que se producen.

7. Outros aspectos que os corpus permiten analizar

Os corpus elaborados permiten reflexar outros fenómenos na arte literaria de Rosalía que posteriores investigacións poderán comprobar:

– Vacilacións no vocalismo átomo: herensia/harensia en *Cantares Gallegos*; cobiza/cubiza en *Follas Novas*.

– Harmonizacións vocálicas: centinela/cintinela, decindo/dicindo en *Follas Novas*.

Plurais dialectais: corazóns/corazós, traizón/traizoes, xeraciós/xeraciones.

– Variedades na conxugación verbal: lose/luce, relosen/relucía, reluciente, relouse en *Cantares Gallegos*; nache/naceches/naceche en *Follas Novas*.

Estes exemplos poden completarse cunha visión máis completa das obras nestes aspectos.

APÉNDICE

Este apéndice inclúese como complemento á información básica do traballo, recollendo os glosarios totais e de coincidencias nas dúas obras.

I. Cantares Gallegos

1.– Formas con *z* (= *c* + *e*, *i*) en *Cantares Gallegos*

– O corpus segue unha clasificación alfabética, pero dentro de cada letra, as palabras aparecen rexistradas por orde de aparición. En caso de ter varias recorrencias, colocaranse con respecto á primeira delas, sinalándose as outras a continuación.

– A clave utilizada para a localización informa do número adxudicado ó poema na edición referida á da páxina na que se atopa a palabra: Ex.: (25, 106) = poema nº 25, páxina 106.

– Os derivados morfolóxicos verbais e nominais, isto é, formas conxugadas do paradigma, plurais, diminutivos, etc., rexistráranse nesta etapa como entradas separadas do corpus.

A. aparecen (11, 60) (25, 114); arrescende (18, 80); azulada (18, 80); azucenas (20, 86); azul (21, 93) (24, 100) (25, 106); afición (22, 95); aborrecido (25, 106); afacia (25, 108); aparece (25, 114) (31, 135); avergonza (29, 128); amazona (33, 143).

B. brazos (12, 62) (13, 65) (30, 131); berce (20, 86); berzas (25, 106); berciñas (25, 108).

C. comenzo (1, 25); cobiza (3, 30); conocida (3, 31); cociña (3, 32) (25, 108); centeo (5, 37); crúzanse (6, 42); cera (6, 42); cen (6, 43) (29, 127); cegas (8, 52) (8, 52); cercaban (8, 52); ceu (9, 54) (33, 142) (36, 153); centeno (9, 54); corazón (10, 57) (10, 57) (14, 68) (16, 73) (28, 123) (28, 123) (29, 129); ceo (13, 66) (20, 85) (25, 105) (28, 124) (33, 140); corazonciño (17, 75) (24, 100) (28, 122); cimbrea-se (18, 79); cintura (18, 79); ceiba (20, 84); crecen (20, 86) (33, 144); cabeceira (20, 86); calzada (21, 88); comparanza (21, 89) (21, 92); calzado (21, 90); cencia (21, 92) (21, 92) (21, 94); calabazas (21, 93); condición (23, 98); cea (25, 106); conceder (25, 107); cóncedera (25, 107); cebola (25, 108) (30, 131); ceos (25, 109) (29, 126) (33, 140); compadecera (25, 110); comprace (25, 112); cabeza (25, 113); canciño (27, 119); cabezas (28, 113); cruzar (29, 126); cruz (29, 128).

D. dulces (1, 24) (12, 62); dulce (1, 25) (4, 33) (6, 45); decindo (5, 37) (5, 38); descendentes (6, 42); dicindo (6, 44); doce (12, 62) (12, 63) (23, 98) (24, 102) (24, 103) (26, 117); doces (13, 66) (18, 78) (18, 78) (18, 82) (19, 82) (23, 99); dulciños (14, 68); desapareceran (20, 87); decir (25, 107) (28, 124); decía (25, 108); desprezos (27, 120); decirche (29, 127) (29, 127) (29, 128); difícil (29, 128); duciñas (30, 132); decían (32, 137).

E. estonces (3, 29) (6, 46) (6, 46) (7, 49) (19, 82) (20, 86) (20, 86); esquencida (3, 29); encendida (3, 31); enrarece (18, 80); encende (18, 80); esperencia (21, 91) (21, 91); estraneza (24, 101); encerra (25, 111); escandencida (25, 111); enlouquece (25, 113); esperanza (26, 117) (29, 128) (29, 129); esperanzas (29, 128).

F. facer (3, 30) (25, 114); fácame (5, 39); facede (5, 39); face (13, 66) (13, 66); frorece (18, 80); facía (25, 112); facendo (26, 116); facemos (27, 120); frorecen (33, 144); feliz (34, 148).

G. guarniciós (6, 43); gracia (14, 67); gracias (24, 100); goce (25, 106); graciaña (25, 111); goces (31, 136).

H. harenxia (25, 110); humedecida (25, 111); humedezan (28, 124).

I. irmanciño (13, 66); insinanzas (21, 88); infeliz (25, 113).

L. lucindo (6, 42); lanzaliño (13, 65); louza (18, 80); luz (25, 104) (26, 116) (34, 147) (35, 151) (36, 153); luciña (28, 122); largueza (32, 138); luce (33, 146); luceiro (34, 147).

M. mozos (1, 23) (7, 49) (7, 50) (8, 51) (32, 137); mozas (1, 23); mociños (1, 26) (21, 91) (32, 137); mocidá (5, 38); mociña (6, 46); mañanciña (8, 51) (18, 79) (21, 90) (25, 108) (26, 116) (34, 147); mañecida (9, 54); maldizoado (9, 55); mociñas (9, 55); misturanza (21, 94) (25, 110); matanza (25, 108); morcillas (25, 109) (25, 114), morcilla (25, 110); mozo (27, 119) (27, 119); mociño (27, 119); marzo (27, 120) (27, 121) (27, 121); marzal (27, 120) (27, 121); macilentas (29, 127); mañanciñas (33, 143); molida (35, 152).

N. noces (1, 21); nacen (1, 24) (18, 79) (23, 98); nabizas (3, 32); nacen (5, 37) (15, 70); nacín (15, 69) (36, 154); naiciña (20, 87); nacida (22, 96); nobreza (23, 98); nace (25, 112); nacidos (25, 114); naceches (26, 116); naceron (28, 123) (33, 143); naceras (29, 128); nacido (33, 146).

O. ofreceches (24, 102); ofrecen (33, 144).

P. pureza (4, 34); peza (6, 42); parecen (6, 42); pescozo (6, 42); parece (6, 44) (6, 45) (11, 61) (14, 67) (14, 68) (20, 85) (21, 89) (30, 131); parecían (6, 44); príncipe (8, 51); paz (25, 105) (25, 106); pobreza (25, 107) (25, 112); pereceron (33, 145); pracer (34, 148).

Qu. Ø.

R. rapaza (1, 22) (1, 22) (1, 22) (3, 32) (27, 120); rapazas (1, 26) (6, 41); rapaciñas (6, 42) (7, 49) (35, 152); recen (6, 43); rezar (6, 43) (11, 61); rapaces (6, 44) (7, 49); rapaciños (6, 44) (21, 89); rapaciña (9, 53); rece (11, 61); rezo (11, 61); resplandecente (20, 86); rezaban (25, 106); riqueza (25, 112); reciben (25, 112); resplandece (25, 114); rapaz (27, 119); relucente (34, 147).

S. sociedade (25, 105); sustanciosa (25, 109); suceso (25, 109); silencio (31, 135); sazonado (33, 144).

T. terciopelo (6, 42); traiciós (10, 57); tizós (16, 73); tristeza (17, 76); trenzas (18, 78); traducindo (24, 102); touciño (25, 106); tristezas (29, 129).

U. usanza (23, 98).

V. vergonza (4, 34) (28, 125); voces (6, 46); vintecinco (24, 100); veciños (25, 110) (25, 110); veciño (25, 110) (25, 112); vez (30, 133); veces (36, 154).

X. xuntanza (23, 98) (27, 120).

Z. zonchos (1, 21); zambo (13, 65) (13, 66); zocos (27, 119).

2.— Formas con s en *Cantares Gallegos*: (Mesmas normas na disposición)

A. aderesos (6, 42); asucenas (6, 44); adorason (6, 46); alcansase (17, 77); adormesa (28, 84) (20, 86); asento (25, 106); aborreso (28, 123) (28, 125).

B. brazo (25, 115).

C. comenso (1, 26); corasón (2, 27) (4, 33) (9, 54) (9, 55) (15, 70) (18, 78) (22, 95) (22, 96) (25, 111) (29, 128) (30, 131) (31, 135) (31, 136) (33, 140); crese (3, 30) (3, 30), calabasa (5, 36); corasonciños (6, 45); corasonciño (9, 55); cobisa (13, 65); conoso (15, 69); conesan (17, 75); comensa (20, 85); cabeza (20, 86); concensuda (25, 108).

Ch. chousiñas (25, 106); chousas (25, 115); chousa (33, 139) (33, 139).

D. dose (1, 24) (8, 51) (22, 106); devosón (3, 29); desir (6, 44) (33, 145) (36, 153), desíme (23, 97); depreso (23, 97) (23, 99); desía (25, 111); dosuras (28, 122) (33, 142); despresos (28, 123); despresa (29, 128).

E. embarcason (6, 46); enrisadas (9, 54); espaso (12, 62) (20, 85) (25, 105); ensarrapicada (16, 73); enrisa (18, 79); estrañesa (19, 82); emmudesa (23, 98); estremeso (24, 101); enrisada (33, 139); espasos (33, 139); espricansa (36, 154).

F. felís (2, 27); firmesa (31, 136); faser (36, 154).

G. gentileza (25, 112); grasiosa (27, 120) (36, 153) (36, 153) (36, 154); grasia (36, 153) (36, 154) (36, 154).

H. herensia (28, 124).

I. ∅.

L. lisión (25, 112); lose (33, 140); lus (33, 146).

LL. llanesa (6, 44).

M. maldesir (2, 27); mantensa (20, 87); mudansa (25, 112).

N. nasín (2, 27) (3, 28); nasen (2, 27) (24, 102); nobresa (6, 44).

O. ∅.

P. paresían (16, 73); procedensia (23, 97); prasenteira (25, 111); paresía (25, 113); pasente (25, 113); parés (25, 113); pesoñosas (28, 124); parese (30, 130); preciosa (34, 147).

Qu. quisais (17, 75) (26, 116) (26, 116) (26, 116) (26, 116) (27, 119) (27, 121) (29, 128) (29, 129) (31, 136).

R. relozen (6, 42) (31, 135); reloze (6, 45); resolle (16, 74); retorsía (25, 111); relusía (25, 113); rapasa (30, 130); resío (33, 141).

S. santasa (5, 36) (5, 37) (5, 38) (5, 40); sarandesa (6, 45); siriguelas (6, 45); siudades (8, 51); sombrisas (16, 72); sorsa (25, 109); sentelleantes (25, 110); seo (28, 122); sensilla (33, 144); silencioso (33, 144); sintas (33, 146); sinta (33, 146).

T. ∅.

U. ∅.

V. Ø.

Z. Ø.

3.— Coincidencias en *Cantares Gallegos*

Despois de recoller tódolos contextos pertinentes de s e z no libro, facemos unha clasificación dos casos en que unha mesma palabra presenta en *Cantares Gallegos* aparicións cos dous tipos de grafía.

Os derivados morfolóxicos antes reflexados por separado inclúense aquí nuns mesmos campos de coincidencias.

O sistema de ordenación é o mesmo que nos casos anteriores.

| | | | |
|--|--|---|---|
| <p>“A”</p> <p>.asucenas ————— .aborreso</p> <p>“B”</p> <p>.braso —————</p> <p>“C”</p> <p>.comenso ————— .corasón ————— .crese ————— .calabasa ————— .corasonciño ————— .cobisa ————— .conoso ————— .cabeza —————</p> <p>“Ch”</p> <p>.chousa .chousas ————— .chousiñas </p> | <p>“A”</p> <p>—azucenas —.aborrecido</p> <p>“B”</p> <p>—brazos</p> <p>“C”</p> <p>—comenzo —.corazón —.crecen —.calabazas —.corazonciño —.cobiza —.conocida —.cabeza</p> <p>“Ch”</p> <p>—chouza</p> | <p>“D”</p> <p>.dose .dosuras </p> <p>.desir .desíme .desía </p> <p>.despresos .despresa </p> <p>“E”</p> <p>.estrañesa —————</p> <p>“F”</p> <p>.felís ————— .faser —————</p> | <p>“D”</p> <p>.dulce .dulces .doce .doces .dulciños .duciñas .decir .decindo .dicindo .decía .decían .desprezos</p> <p>“E”</p> <p>.estraneza</p> <p>“F”</p> <p>.feliz .facer .fáceme .facede .facé .facía .facendo .facemos</p> |
|--|--|---|---|

| | |
|--|---|
| <p>"G"</p> <p>.grasiosa</p> <p>.grasia</p> | <p>"G"</p> <p>.graciosas</p> <p>.gracia</p> <p>.gracias</p> <p>.graciña</p> |
|--|---|

| | |
|-----------------------------|-----------------------------|
| <p>"H"</p> <p>.herensia</p> | <p>"H"</p> <p>.harencia</p> |
|-----------------------------|-----------------------------|

| | |
|---------------------|---------------------|
| <p>"I"</p> <p>∅</p> | <p>"I"</p> <p>∅</p> |
|---------------------|---------------------|

| | |
|-------------------------------------|--|
| <p>"L"</p> <p>.lose</p> <p>.lus</p> | <p>"L"</p> <p>.luce</p> <p>.luz</p> <p>.luciña</p> <p>.luceiro</p> |
|-------------------------------------|--|

| | |
|-----------------------------|-----------------------------|
| <p>"M"</p> <p>.maldesir</p> | <p>"M"</p> <p>.maldesir</p> |
|-----------------------------|-----------------------------|

| | |
|--|---|
| <p>"N"</p> <p>.nasín</p> <p>.nasen</p> | <p>"N"</p> <p>.nacín</p> <p>.nacen</p> <p>.naceu</p> <p>.nacida</p> <p>.nace</p> <p>.naceches</p> <p>.naceron</p> |
| <p>.nobresa</p> | <p>.nobreza</p> |

| | |
|---------------------|---------------------|
| <p>"O"</p> <p>∅</p> | <p>"O"</p> <p>∅</p> |
|---------------------|---------------------|

| | |
|--|--|
| <p>"p"</p> <p>.paresían</p> <p>.paresía</p> <p>.parés</p> <p>.parese</p> | <p>"p"</p> <p>.parecían</p> <p>.parece</p> <p>.parecen</p> |
| <p>.pramenteira</p> | <p>.pracer</p> |

| | |
|----------------------|----------------------|
| <p>"Qu"</p> <p>∅</p> | <p>"Qu"</p> <p>∅</p> |
|----------------------|----------------------|

| | |
|---------------------------|---|
| <p>"R"</p> <p>.rapasa</p> | <p>"R"</p> <p>.rapaza</p> <p>.rapazas</p> <p>.rapaciñas</p> <p>.rapaces</p> <p>.rapaciños</p> <p>.rapaciña</p> <p>rapaz</p> |
|---------------------------|---|

| | |
|--|---|
| <p>.relosen</p> <p>.relose</p> <p>.relusía</p> <p>.resolle</p> | <p>.relucente</p> <p>.recen</p> <p>.rezar</p> <p>.rece</p> <p>.rezo</p> <p>.rezaban</p> |
|--|---|

| | |
|------------------------|---|
| <p>"S"</p> <p>.seo</p> | <p>"S"</p> <p>.ceo</p> <p>.ceu</p> <p>.ceos</p> |
| <p>.silenciso</p> | <p>.silencio</p> |

| | |
|---------------------|---------------------|
| <p>"T"</p> <p>∅</p> | <p>"T"</p> <p>∅</p> |
|---------------------|---------------------|

| | |
|---------------------|---------------------|
| <p>"U"</p> <p>∅</p> | <p>"U"</p> <p>∅</p> |
|---------------------|---------------------|

| | |
|---------------------|---------------------|
| <p>"V"</p> <p>∅</p> | <p>"V"</p> <p>∅</p> |
|---------------------|---------------------|

| | |
|---------------------|---------------------|
| <p>"Z"</p> <p>∅</p> | <p>"Z"</p> <p>∅</p> |
|---------------------|---------------------|

II. Follas Novas

1.— Formas con z (= c + e, i)

Sinalamos a parte do libro en que está incluída a forma e a páxina da edición que manexamos porque en *Follas Novas* os poemas non veñen numerados correlativamente coma en *Cantares Gallegos*. Con todo é unha guía suficiente para atopar as formas con axuda da edición indicada.

A. amenaza (II, 187); azul (II, 189) (III, 232); aparecer (II, 195) (III, 215); amañecer (II, 197) (III, 238) (IV, 274); apeteza (III, 203); azare (III, 209); azucena (II, 210); aborrece (III, 214); aspezeza (III, 229); aceirado (III, 247); almorzar (IV, 250), avergonzar (IV, 250); arrecendía (IV, 250); amañeza (IV, 253); acerta (IV, 254); ausencia (V, 251); alcendido (V, 300); alcendidos (V, 301); apareceron (V, 303); agonizo (V, 310).

B. brazos (II, 179); berce (II, 184); balbucente (III, 214); brazo (III, 218) (III, 234); bizcoito (V, 299).

C. ceo (I, 165) (I, 165) (I, 175) (II, 177) (II, 178) (II, 198) (II, 191) (III, 213) (III, 221) (III, 224) (III, 225) (IV, 229) (III, 239) (III, 248) (IV, 252) (IV, 260) (IV, 264) (IV, 266) (IV, 267) (V, 238); comenzar (I, 66); ceu (I, 166) (II, 185) (III, 208) (IV, 259) (V, 297); condición (I, 168); corazón (I, 172) (I, 173) (II, 180) (II, 184) (II, 191) (II, 197) (III, 202) (III, 203) (III, 203) (III, 213) (III, 217) (III, 219) (III, 226) (III, 227) (III, 235) (III, 240) (IV, 259) (V, 278) (V, 279) (V, 280) (V, 282) (V, 297) (V, 300) (V, 305) (V, 308); centela (II, 175) (II, 179) (III, 244); cocetadores (II, 177); cintileando (II, 178); cruzan (II, 178) (III, 209) (IV, 273); coñecemos (II, 179); cento (II, 180); concencias (II, 181) (III, 243) (V, 300); corazós (II, 182) (III, 217) (III, 237) (IV, 276) (V, 285) (V, 306); cabezales (II, 187); concencia (II, 188) (II, 191) (III, 242) (III, 245) (III, 245) (IV, 263) (V, 288) (V, 300) (V, 306); corazóns (II, 190) (III, 211) (V, 280); cinza (II, 191) (III, 222); canciós (II, 194); conocido (II, 195); cancións (II, 197); cego (II, 198) (II, 246) (IV, 255) (IV, 256) (IV, 257) (IV, 260) (IV, 261) (V, 209); cobiza (II, 198) (V, 303); cera (III, 201) (III, 205) (III, 218) (V, 303); cabeceira (III, 204); cerca (III, 204); centinela (III, 208) (III, 235); cedro (III, 209); cociña (III, 209); canzón (III, 212) (III, 230); comenzo (III, 215) (IV, 249) (V, 280); conceda (III, 216); ceos (III, 215) (IV, 249) (V, 280); cea (III, 217) (IV, 253); cerva (III, 218); cisnes (III, 221); cinzas (III, 222); cemiterio (III, 223); crecelas (III, 223); cruz (III, 228) (III, 244); comence (III, 233) (III, 233); cebas (III, 234); celeste (III, 235) (V, 280); ceboleiras (III, 240); cedo (III, 243) (V, 289) (V, 292) (V, 301); cericios (III, 244); cerusanos (III, 245); cear (IV, 250) (IV, 251) (V, 287); cinza (IV, 251); comenza (III, 254); cega (IV, 255) (IV, 256) (IV, 257); cocen (IV, 255); cocouse (IV, 256); comenenceira (IV, 260); cesta (IV, 261); cestos (IV, 262); cegábame (IV, 267); cabeza (III, 269) (V, 294) (V, 299); cubiza (IV, 269); comenencias (IV, 271); cesto (IV, 271); ceiba (IV, 272);

cruceiro (IV, 274) (IV, 276); cintinelas (IV, 276); cima (V, 285) (V, 309); ciñe (V, 286), constancia (V, 289); cruces (V, 303); cimiterio (V, 303).

D. desaparecen (I, 166); desgracia (I, 167) (I, 169) (II, 174) (III, 214); decir (I, 169) (V, 285); desprezo (I, 170); doce (I, 171) (II, 184) (III, 206) (III, 211) (III, 217) (III, 225) (III, 231) (III, 236) (III, 241); dez (I, 172) (IV, 255); dicía (II, 178); doces (II, 196) (IV, 269); dicindo (III, 201) (IV, 265); dozura (III, 206) (IV, 264); disgracia (III, 213); desesperazón (III, 214); decindo (III, 215) (III, 220); decía (III, 235), decides (III, 244); desprezan (III, 247); descalciña (IV, 250); decí (IV, 253); decían (IV, 265); despaciosos (IV, 265); decíme (IV, 268); desaparecen (IV, 269); desfacendo (IV, 262).

E. esperanza (II, 175) (II, 185) (III, 234) (V, 280) (V, 286) (V, 295); estonces (II, 197) (II, 190) (III, 215) (V, 300); espazo (II, 185) (V, 290); escomenzaba (II, 189); entapizada (II, 195); estrañeza (II, 198) (II, 222); enfeitizaron (III, 222); esparcen (III, 209); encomenzo (III, 212); existencia (III, 213); endurece (III, 213); enfouzando (III, 216); esforzada (III, 218); estrañeza (III, 222); esprenca (III, 228); escomenzado (III, 234); esperencia (IV, 255); encerando (IV, 272); esforzo (V, 280); encerra (V, 291); envivece (V, 291); esquece (V, 291); esquencida (V, 297); esencia (V, 308) (V, 309).

F. facendo (II, 177) (II, 187); fouciña (II, 190); frorecen (II, 194); feitozo (II, 194) (V, 298); facer (III, 205) (IV, 250) (IV, 271) (V, 284) (V, 293); forza (III, 212) (III, 213) (IV, 267) (V, 309); facedes (III, 229); facerme (III, 230); feiticeira (III, 236); facéme (III, 246); forzas (IV, 257) (V, 310); faces (IV, 271); forzoso (V, 279); facido (V, 293).

G. gracioso (III, 211) (IV, 267); gracia (III, 232); gozar (III, 233) (IV, 268); gozo (IV, 266); guizos (IV, 273); goza (V, 307).

H. homicidas (II, 180); hacia (II, 195) (V, 279); humillaciós (II, 227).

I. incerta (I, 166); incertas (II, 192); impacencia (III, 205); inocentes (III, 211); incitando (III, 234); indeciso (III, 247); inocente (III, 247) (III, 248); inocencia (IV, 263) (V, 308), infeliz (V, 283); intenciós (V, 289).

L. lembranzas (I, 167) (II, 174) (II, 192) (III, 230) (III, 241) (V, 286) (V, 293); luz (I, 167) (II, 180) (II, 194) (III, 201) (III, 208) (V, 285) (V, 309); lanza (II, 176) (V, 282) (V, 310); lenzo (II, 195) (III, 205); luces (III, 204); lontananza (III, 207); loce (III, 214); lourenzo (IV, 275).

M. mozos (I, 168); mudanzas (I, 170) (I, 174); maldicenta (III, 202); maldizas (III, 202); mañanciña (III, 206); merezo (III, 220); mozo (III, 221) (V, 278); mereceu (III, 224); merecen (III, 224); mocedá (III, 239); medeciña (III, 245); mozas (IV, 256); merece (IV, 261); mazanceiros (IV, 262); mociñas (IV, 272); maldecidas (V, 287); maldiza (V, 288); menciña (V, 294).

N. nache (II, 185); natureza (II, 194) (IV, 268); nacéu (II, 198) (V, 284); no-

breza (III, 204); nacenza (III, 209); nacín (III, 219); nacer (III, 221); nace (III, 226); naceches (IV, 248); naceche (IV, 253).

O. oración (II, 178) (III, 212); ourizos (III, 201); onziñas (IV, 249) (IV, 251); ofrece (V, 291).

P. paz (I, 168) (II, 183) (II, 198) (III, 219) (III, 223); pareza (I, 169); pracidas (II, 174) (III, 219); pracidez (II, 175); pezoña (II, 183); pracer (II, 185) (II, 217) (III, 233); parez (II, 192); pracidamente (II, 194); procesión (II, 195); praceres (II, 198) (IV, 265); preguizosa (III, 218); preciosa (III, 211); preuncia (III, 214); permanecei (III, 224); pezoñosa (III, 226); padecen (III, 237); pazo (III, 242) (IV, 277); parecen (III, 247); parece (IV, 256) (IV, 260); pracers (IV, 269); percibín (IV, 276); parecúme (IV, 277); pracida (V, 283) (V, 309); pracenteiros (V, 283); pracido (V, 285) (V, 309); pacen (V, 290); pacencia (V, 294); padecer (V, 307); pureza (V, 308).

Qu. quizáis (III, 203) (III, 223) (III, 242) (V, 296); quence (V, 300).

R. regazados (I, 169); recibe (I, 169); relebranzas (I, 173); rizos (II, 177) (II, 224); rezo (II, 177) (III, 238); recéi (II, 178); reverdecen (II, 181); rezar (II, 192) (IV, 254); recordazón (II, 196) (III, 212); rapaza (III, 202) (V, 293); reza (III, 204) (III, 227); redondeza (III, 205); rezos (III, 223); retorcéronse (III, 234); resucita (III, 239); recordanzas (III, 242) (V, 280); rezado (IV, 251); rapazas (IV, 255); rapaces (IV, 264) (IV, 272); riqueza (IV, 268); ramírez (IV, 274); raíces (IV, 275); retórcese (V, 279).

S. silenciosos (I, 171) (II, 191); silenciosas (II, 186); silenciosa (II, 191) (IV, 274) (IV, 275) (IV, 276); silencio (III, 210) (IV, 276); socede (III, 210); sabencia (IV, 261) (V, 308); sazonado (IV, 266); sacrificio (V, 279).

T. tristeza (II, 193) (II, 200) (III, 209) (III, 229) (IV, 256) (V, 287) (V, 304) (V, 305) (V, 307); trenzas (III, 204); torce (III, 212) (III, 235); traizoes (III, 235); traizón (III, 235); tentazón (III, 244) (V, 305); terceira (IV, 271); trescentos (IV, 271); tecín (V, 287); trance (V, 288); tristezas (V, 300).

U. Ø.

V. vez (I, 168) (IV, 274) (V, 295) (V, 298) (V, 307); veciños (II, 195); voz (II, 197) (IV, 266) (V, 287); voces (III, 224); vence (III, 236); veces (III, 236) (V, 301); vacío (III, 244); vencéu (IV, 267); vencínte (IV, 257); venzas (IV, 257); veciño (IV, 265); veciños (IV, 267); vizosas (V, 290).

X. xeneraciós (II, 178); xueces (II, 190); xusticia (II, 190); xeneracioes (II, 192); xentileza (V, 308).

Z. zoa (II, 187) (III, 236) (IV, 257); zoado (IV, 252); zuruxano (IV, 255); zanfona (IV, 255) (IV, 256); zongue (IV, 257); zoar (V, 281); zurusán (V, 294).

2.— Formas con *s* en *Follas Novas*

A. agonisa (III, 238); algoasiles (V, 306).

B. Ø.

C. comesa (I, 168); corasón (I, 171); comenso (II, 177); conoso (II, 192); cabeza (III, 247); conosa (IV, 254); cobisado (IV, 264); crus (IV, 268); cortisos (V, 308).

D. dose (III, 223) (III, 239) (V, 283) (V, 285) (V, 291) (V, 308) (V, 309); doses (V, 291).

E. espasos (I, 165) (II, 175) (II, 179) (II, 193) (III, 203); encomeso (II, 179); esvaesido (III, 247); enrisados (IV, 266).

F. faser (III, 224); feitisos (V, 308).

G. gosa (III, 216); grasirosa (III, 224).

H. Ø.

I. Ø.

L. Ø.

M. Ø.

N. nase (III, 212).

Ñ. Ø.

O. Ø.

P. parés (III, 233) (III, 239) (III, 242) (III, 247) (V, 279).

Qu. quisáis (I, 169) (I, 172) (III, 222).

R. resos (III, 233); rabisos (V, 301).

S. seo (I, 173) (III, 235) (III, 239); simiterio (II, 196) (II, 197) (IV, 274) (V, 279); simeterio (III, 238); silencio (II, 198); sombrisa (III, 238); silenciosa (IV, 154); siudad (V, 285).

T. Ø.

U. Ø.

V. ves (III, 239) (IV, 271).

X. xasmíns (V, 296).

Z. Ø.

3.— Coincidencias en *Follas Novas*:

| | | | |
|---|--|--|---|
| <p>“A”</p> <p>.agonisa</p> <p>“C”</p> <p>.comesa</p> <p>.comenso</p> <p>.corasón</p> <p>.conoso</p> <p>.cabela</p> <p>.cobisado</p> <p>.crus</p> <p>“D”</p> <p>.dose</p> <p>.doses</p> <p>“E”</p> <p>.espasos</p> <p>.encomeso</p> <p>“F”</p> <p>.faser</p> | <p>“A”</p> <p>.agonizó</p> <p>“C”</p> <p>.comenzar</p> <p>.comenzo</p> <p>.comence</p> <p>.comenza</p> <p>.corazón</p> <p>.corazós</p> <p>.conocemos</p> <p>.conocido</p> <p>.cabezales</p> <p>.cabeza</p> <p>.cobiza</p> <p>.cubiza</p> <p>.cruzan</p> <p>.cruz</p> <p>.cruceiro</p> <p>.cruces</p> <p>“D”</p> <p>.doce</p> <p>.doces</p> <p>.dozura</p> <p>“E”</p> <p>.espazo</p> <p>.escomenzaba</p> <p>.encomenzo</p> <p>.escomenzado</p> <p>“F”</p> <p>.facendo</p> <p>.facer</p> <p>.facedes</p> <p>.facerme</p> <p>.facéme</p> <p>.facés</p> <p>.facido</p> | <p>“G”</p> <p>.gosa</p> <p>.grasiosa</p> <p>“N”</p> <p>.nase</p> <p>“P”</p> <p>.parés</p> <p>“Qu”</p> <p>.quisáis</p> <p>“R”</p> <p>.resos</p> <p>“S”</p> <p>.seo</p> <p>.simiterio</p> <p>.simeterio</p> <p>.silensio</p> <p>.silensiosa</p> <p>“V”</p> <p>.ves</p> | <p>“G”</p> <p>.gozar</p> <p>.gozo</p> <p>.goza</p> <p>.gracioso</p> <p>.gracia</p> <p>“N”</p> <p>.naciche</p> <p>.nacéu</p> <p>.nacenza</p> <p>.nacín</p> <p>.nacer</p> <p>.nace</p> <p>.naceches</p> <p>.naceche</p> <p>“P”</p> <p>.pareza</p> <p>.parecen</p> <p>.parece</p> <p>.parecéume</p> <p>“Qu”</p> <p>.quizáis</p> <p>“R”</p> <p>.rezo</p> <p>.recéi</p> <p>.rezar</p> <p>.reza</p> <p>.rezos</p> <p>“S”</p> <p>.ceo</p> <p>.ceos</p> <p>.ceu</p> <p>.cimiterio</p> <p>.cimiterio</p> <p>.silenciosos</p> <p>.silenciosas</p> <p>.silenciosa</p> <p>“V”</p> <p>.vez</p> <p>.veces</p> |
|---|--|--|---|